



## **NOTA 29.01.09: A APDR DENUNCIA OBRAS DE ENCE NA PLANTA DE LOURIZAN**

A Asociación Pola Defensa da Ría (APDR) denunciou ante o Concello de Pontevedra e a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural as obras que a empresa ENCE está a levar a cabo nos terreos de Lourizán. Estas obras consisten na explanación e acondicionamento do chan cunha capa de grava e outra de area, e construción de muros, no espazo situado no contorno da depuradora da empresa.

Para a realización destas obras, procedeuse á retirada dos montículos de terra residual que fora extraída na construción da depuradora, terra residual posiblemente contaminada, e que dende a APDR nos preguntamos que fixo con ela a empresa.

Para a realización destas obras, Ence necesita o permiso municipal e o permiso da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

O Concello de Pontevedra, no seu Plano Xeral de Ordenación Urbana establece un contorno de protección de 500 m para todo resto arqueolóxico, polo que toda obra que implique modificación do medio físico e que teña lugar dentro deste contorno de protección terá que ser informada á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural. Seguindo os parámetros establecidos ó longo destes anos, toda obra que teña lugar dentro do contorno de protección duns restos arqueolóxicos vai xerar un impacto sobre os mesmos.

A obra que está levando a cabo sitúase dentro deste contorno de protección do **Xacemento arqueolóxico de Sartán ou Placeres**, formado por unha serie de estruturas pétreas de adscrición crono-cultural romana, descubertas durante a execución das obras do ramal ferroviario a Marín. Según os estudos arqueolóxicos **anteriores trátase: “dun xacemento importante, probablemente dunha villa e/ou dunha factoría de salazón romana”**, polo que para a realización desta obra **tiñan que ter informado á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural**.

Descoñecemos se o Concello de Pontevedra e a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural deron a súa autorización para a realización destas obras, como se lle esixiría a calquera particular, pero pensamos que Ence actuou co seu secretismo habitual, e non informou a estes organismos.

Dende a APDR solicitámoslle ó Concello de Pontevedra e á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural que o investiguen, e leven a cabo as medidas administrativas e/ou xudiciais pertinentes.

En Pontevedra, a 30 de xaneiro de 2009

Asociación Pola Defensa da Ría

## ANEXO



Antes de empezar as obras



Obras que se están a realizar na actualidade